



Sección Sindical CUT PCAE S.A.

ONDE EXISTEN PAPEIS....



Na Sección Sindical da CUT non somos de contestar certas afirmacións como as feitas polo brazo sindical da Empresa (SIT), ou como a feita pola Sección Sindical de CC.OO sobre nós, pero cando se inclúe que queremos enganar a plantilla do Centro, merece cando menos unha aclaración, e que sexan os/as traballadores/as os que xulguen quen esta a mentir.

Como se pode comprobar no reverso da folla, a S. Sindical da CUT presentou reclamación perante a Xunta de Galicia, para que antes da publicación da Convenio no DOG (Diario Oficial de Galicia), entre outros, e polo tanto a súa validez legal, se verifican certas cláusulas que o noso entender eran abusivas.

O Artigo 7 do presente Convenio Colectivo, establecía que so os asinantes (SIT,UGT,CC.OO) podían formar parte desa Comisión, **e se atribuían o dereito de adaptar ou modificar o Convenio, deixando fora os non asinantes.** Este artigo ilegal é abusivo, ante a nosa denuncia foi o que abriu o requirimento da Xunta, entre outras circunstancias, como se desprende do punto cuarto do escrito presentado, obrigando as partes modificalo.

Os Convenios teñen que conter acordos que respecten a lexislación laboral vixente en todos os seus extremos. E dicir, o Convenio é un acordo de mínimos, que mediante a negociación **so se pode mellorar**, pero non pactar condicións socio-laborais por debaixo da lei ou do Estatuto, algo que ocorre con algúns dos documentos asinados ao marxe do Convenio Colectivo, como para nós é o da conciliación da vida familiar, Bolsa de Horas, etc.

Dentro dos puntos que pedimos revisase a Xunta antes da súa publicación, foi o artigo 16 (xornada laboral), e artigo 18 que fai referencia as licenzas, e concretamente as que precisen desprazamento. Dito artigo en caso de falecemento ou enfermidade grave en 1º e 2º grao dependendo do caso, establece no suposto de precisar desprazamento 1 día, cando a Lei ou neste caso o E.T contempla 2 días. Seguramente, a denuncia feita pola CUT ante a Xunta, e o medo da Empresa a que fomos co caso os tribunais e gañáramos, fixo que esta elevara o listón, modificando agora o criterio en 250 km, é abrindo a posibilidade a valorar cada caso a nivel individual a criterio interpretativo dos RPH, que segundo de quen se trate, vele, colabore, llo conceden ou non.

A ninguén se lle escapa que cos recortes, os usos e costumes que se establecían en moitos casos, foron recortados unilateralmente pola Empresa, recordemos as saídas ao medico. Neste caso, as licenzas e os desprazamentos que sendo fora da provincia daba lugar aos mesmos, silenciosamente foron modificados e concedidos a arbitrariedade dos RPH. Ante ese feito, no caso dun afiliado da CUT que non lle recoñecían como desprazamento o ingreso dun familiar en Santiago de Compostela, acadimos o xulgado. A sentenza foi firme, e dálle a razón a esta Central Sindical.

A maioría sindical que practica sindicalismo amarelo por decreto da Empresa, non so vale para saír na prensa cando veñen as eleccións, ou para posicionarse contra as folgas, senón que ante esta modificación de xeito unilateral da Empresa, poden presentar un conflito colectivo dentro dos prazos legais, e non votarlle a culpa a outros. Pero esta claro que non van morder a man den que lles da favores, nin eles, nin outros. Ca reunión da Comisión da Paritaria do Convenio onde acordan en acta por interpretación das partes aceptar os 250Km, e modificar a Bolsa de Horas a beneficio da Empresa, tentan darlle validez legal aos cambios e pechar as portas aos que imos presentar denuncia. Pero certo é, tal e como a Xunta establece, non poden adaptar nin modificar o Convenio Colectivo sen estar presentes todos os sindicatos na negociación. Non poden silenciar a voz dos que tamén nos escolleron os traballadores/as. Esa é a democracia que practican!!!

[Escriba aquí]

Febreiro 2016

S. SINDICAL CUT, SINDICALISMO SEN ATADURAS

**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL
(RELACIÓNS LABORAIS)
VIGO**

En Vigo, a 11 de Decembro de 2015

D. Vitor Manuel Mariño Fernández con D.I. 53170771S, como Secretario da Sección Sindical da Central Unitaria de Traballadores/as (en adiante CUT), en PSA PEUGEOT CITROËN AUTOMOBILES ESPAÑA SOCIEDADE ANONIMA Centro de Vigo (en adiante PCAE S.A), e con domicilio a efectos de notificacións na Avenida de Citroën 3 e 5 (local CUT) CP.36210 en Vigo (Pontevedra), polo medio do presente escrito comparezo e como mellor proceda.

EXPOÑO

PRIMEIRO: Que con data 23 de Outubro do presente ano, asinouse un novo Convenio Colectivo (en adiante C.C) para o centro de traballo de PCAE S.A, con vixencia do 1 de Xaneiro de 2016, ate 31 de Decembro de 2019, do cal a CUT formou parte na mesa de negociación.

SEGUNDO: O Estatuto de Traballadores/as (en adiante E.T), e unha norma con rango de Lei que rexe os dereitos dos/as traballadores/as, onde se establecen con carácter de mínimos, que os C.C non poden contravir, non podendo acordarse disposicións que violen ou empeoren ditas normas con rango de Lei.

TERCEIRO: Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao registro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia. Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo. Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo.

CUARTO: Que coma paso previo a súa publicación, debe verificarse que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

QUINTO: Que esta Central Sindical fixo constar na mesa de negociación e actas do C.C, existen diferentes puntos e artigos do novo C.C, que o noso entender contradín o empeoran artigos do E.T, e que pasamos en síntese a enumerar, para o súa revisión pola Autoridade Laboral, coma paso previo a súa publicación no DOG ou DOPP.

En base o anteriormente exposto, solicito a revisión dos seguintes artigos que paso a enunciar.

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE VIGO
VIGO

Data 11/12/2015 14:06:13

ENTRADA 170664 / RX 2518412



Artigo 16 XORNADA LABORAL.

Se establece no súa redacción no paragrafo 5 do C.C, ao abeiro do artigo 34.2 do E.T, a posibilidade da distribución irregular da xornada. No paragrafo 6 do C.C, con arranxo o documento de Bolsa de horas que se regula ao efecto para o computo plurianual da xornada, se establecen preavisos de 48 horas, salvo nos casos de feitos non previsibles (reducindo o prazo aínda mais) contradicindo o propio artigo 34.2 do E.T, que establece 5 días como mínimo de preaviso.

Dito preaviso, non pode ser modificado ou reducido por acordo de C.C ou documento ligado ao efecto, tal e como se establece en sentenza do Tribunal Supremo do Social de 16 de Abril de 2014, xa que un C.C ou acordo non pode contravir o establecido no E.T con rango de Lei, e polo tanto cun rango superior o C.C.

O documento de bolas de Horas, tal e como se recolle, esta ligado o vixente C.C, e polo tanto debe ser revisados os termos de preavisos que dito documento establece, que non figurando na súa redacción como dicimos, pero si esta ligado a C.C.

Artigo 18 LICENZAS.

O artigo 18 do novo C.C, en caso de falecemento ou enfermidade grave de parentes de 1º grao e 2º de consanguinidade dependendo do caso, de ser preciso desprazamento se concedería 1 día natural mais, cando o E.T regula 2 días a maiores nos casos de desprazamento.

Debemos ao noso entender, diferenciar entre os días que a maiores outorga o mellora nalgúns casos o C.C nos supostos anteriores, e os días que se deben outorgar a maiores en caso de desprazamento. (uns dereito non poden solapar a outro).

A norma establece, que podes mellorar os días por concepto de falecemento, enfermidade grave, etc, e non facelo por hospitalización ou intervención cirúrxica, o existir entre eles diferenciación no caso da súa concesión, a pesares de non recolléndose incluso estes últimos no texto do novo C.C. Pero si limita e reduce polo tanto o dereito nos casos de desprazamento a 1 solo día nos casos de falecemento e enfermidade grave.

En conformidade do exposto e solicito a revisión dos artigos ante mencionados antes do seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010), así como se revise o totalidade dos demais artigos recollidos no novo C.C.

E para que así conste aos efectos legais que se estimen oportunos.

Asdo.



Vitor Manuel Mariño Fernández
Secretario da S. Sindical da CUT en PCAE S.A